

Manifesto

E ti, que dis? **di abonda. NINGUÉN SEN FOGAR**

“Ola, o meu nome é ningún. Non teño rostro. Non teño vida e até eu dubido da miña propia existencia. Tampouco teño familia, nin amigos e só experimento o alento da soidade e o silencio.

Eu son a cara del ou dela, son a nada con recordos e unha historia por mochila. Unha vez fun ti. Fun unha persoa das que chamades “normal”, con familia, fogar, amigos e as mesmas necesidades banais das que hoxe tan orgulloso alardea esta sociedade.

Hoxe, esta persoa sen rostro nin nome fala por todas aquelas que cargan o mesmo peso. Por cada ancián, anciá, home, muller, neno ou nena que atravesa por este sinuoso e angosto camiño... posiblemente ti coñézasnos mellor como excluídos sociais... Vaia palabra eh?... emporiso, Que significa en realidade? Que non contamos?, Que restamos?, Que non valemus?... Que somos para ti?...

Nós, as persoas sen fogar non xulgamos á totalidade da sociedade, pero mentiría se non dixese que si sentimos vergoña. Sentimos unha humilde e pacífica vergoña desta sociedade que sempre imperou “tanto tes, tanto vales”.

Que irónico!... Resulta que, temos ganas de vivir, ganas de progresar. Loitamos cada día por conseguir unha boa acción, algo que achegar e non reste.

Peculiarmente a vida ten a súa forma de corrixir e ensinounos ao mundo enteiro que non debemos ir polo mesmo camiño polo que iamos... non esquezas nunca que eu, fun ti... A principios deste ano un insignificante virus puxo en xaque a todo o planeta.... E xurdiu o milagre, o mellor de nós saíu como raza. Xa non había tanta diferenza, xa todos eramos un e as alianzas volveron nacer, volveron rexurdir. Gran parte do mundo foi consciente do que era a soidade e o silencio. Voluntarios e voluntarias, autoridades, profesionais, descoñecidos e descoñecidas deron o mellor de si mesmo para minimizar os danos desa enfermidade que levou á xeración que nos deu a vida. Os nosos pais, nais, avós e avoas... unha xeración que soubo da miseria e a agónica tristeza. Aprendamos dos nosos fallos e coidemos como o gran tesouro que son, os nosos maiores, debémosllo, debémonolo.

Por todo iso, pedimos ás autoridades a posta en marcha de programas efectivos para que se nos rebautice de novo, para deixar de ser unha nada e formar parte dun todo. Un todo que loite axuntando esforzos e na mesma dirección. Non máis silencios, non máis dor, non máis baleiros... a sociedade agora comeza a intuír que bogamos os mesmos mares e debe de entender que se remamos todos e todas, menos será o esforzo. Necesitamos proxectos reais de inclusión social, tratamentos médicos para os drogodependentes que abrangan maior espectro social. Programas efectivos de visita, axuda e escoita dos nosos maiores. Necesitamos que os nosos mozos coñezan a nosa historia para evitar que se reproduza de novo. Queremos que a sociedade enteira se faga eco da nosa muda voz e que pensen en que hoxe somos nós e nós, pero... e mañá?... facemos un chamamento aos gobernos que nos rexen para que non haxa máis xente sen nome nin cara, sen vida nin futuro.

Nós, que somos vós, lanzamos un berro xordo de axuda para que contedes con cada un destes homes e mulleres que están preparados para coller a testemuña e devolver a esa parte da sociedade a axuda recibida. Pero nada cambiará ata que non entendas que unha vez, **fun coma ti**.



Campaña de persoas sen fogar
25 de outubro de 2020